

**DÍA DOS DEREITOS  
HUMANOS**  
**10 DE DECEMBRO**



Pep Bonet

*"Se non podemos poñer fin ás nosas diferenzas,  
contribuamos a que o mundo sexa un lugar apto para elas."*

Anónimo



# DÍA DOS DEREITOS HUMANOS



# Para comezar...comezar...



*Leváronse primeiro aos negros,  
pero a min non me importou  
porque eu non o era.  
Leváronse xa logo os xudeus,  
pero a min non me importou, porque eu tampouco  
non era.  
Detiveron despois aos cregos,  
pero como eu non son relixioso,  
tampouco non me importou.  
Prenderon logo aos comunistas,  
pero como eu non son comunista,  
tampouco non me importou.  
Lévanme agora a min, pero é xa demasiado tarde.*

Martín Niemöller, citado por Bertold Brecht

- Se che importa, que deberías facer?



*“Os dereitos humanos constitúen o moderno intento de introducir a razón na historia do mundo.”*

Antonio Cassese, 1993

- Que cres que quere dicir “introducir a razón no mundo”?
- Se os Dereitos Humanos introducen a Razón na historia. Que se supón que había antes?

*“O maior erro do ser humano é intentar sacar da cabeza aquilo que non lle sae do corazón.”*

Mario Benedetti

- Como entendes o que expresa Mario Benedetti?



**POWER POINT:**

*Paquete de galletas*

## Un suposto, un xogo. Que farías ti?

### A cunca de Caldo: *Que farías ti neste suposto?*

Unha anciá está nun restaurante de autoservicio, vai á barra e colle unha cunca de caldo pono nunha bandexa e volta a súa mesa. Pouco despois decátase de que non collera o pan. Vai e colle o pan, págao e volta en dirección a súa mesa, cando: Sorpresa! Un home de cor está placidamente tomando o caldo.

### *Que farías ti?* (Preguntar ao grupo de clase)

A vella di para si mesma: non me deixarei roubar! Dito e feito. Senta ao carón do negro, parte o pan en anacos, os bota na cunca e empeza a comer. Comen os dous, alternándose, ata que rematan.

Seguidamente o negro se levanta e regresa cun gran prato de espaguete e... dous garfos. Comen o prato a medias, tornándose. Cando rematan, o negro se levanta e tras un “ata logo” vai cara a porta do local. A vella sen saír do seu asombro, síguelo coa mirada. Nese intre dáse conta de que o seu bolso desaparecera!

### *Que farías ti?* (Preguntar ao grupo de clase)

Cando se levanta para berrar: “Ao ladrón!” decátase de que dúas mesas máis alá hai unha bandexa cunha cunca de caldo xa frío, e diante da mesa unha cadeira co seu bolso colgado. Equivocárase de mesa!

Que dirías que pasou? Como cualificarías esa situación?

## Conclusións

Coma sempre, non fora o negro o que comera a costa da europea, senón a europea a costa do negro. As aparencias enganar. Teríamos que poñernos sempre no lugar da outra persoa. A vella non era racista “de palabra”, de feito mandoulle o relato do que lle pasou a un xornal para que o publicaran e non lle pasara a outras persoas.

Se cadra, en temas de racismo, de sexismo ou de discriminación en xeral teríamos que *revisar: quen somos, que pensamos e como actuamos.*

## ACTIVIDADES

- Tira as túas conclusións das actividades anteriores.
- Explica o sentido descritivo e valorativo das palabras destacadas nas frases seguintes:
  - Traballaba coma un **negro**.
  - Así me gusta, **machote**.
  - Non te fíes dela, é moi **xitana**.
  - Era negro, pero tiña a alma **branca**.
- Lembra os **principais problemas** do mundo actual e enumera o que serían para ti as **posibles solucións** ou proxectos posibles. Recolleranse no encerado as achegas en dúas bandas: os problemas e as solucións.

## 10 DE DECEMBRO, Día dos dereitos humanos

Hoxe ao falar de **xustiza** falamos de Dereitos humanos. En todo o mundo cada 10 de decembro se celebra o **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos**. Esta decisión tomouse en París no ano 1948, despois de analizar a gran traxedia humana que supuxo a Segunda Guerra Mundial. Por primeira vez na historia hai un acordo mundial sobre o que teñen que ser os dereitos humanos básicos: imprescindibles, inalienables, esixibles e universais.

- **Universais:** para todos os seres humanos sen excepción.
- **Imprescritibles:** non se poden anular, sempre están vixentes.
- **Inalienables:** as persoas non poden renunciar a eles nin cedellos a ninguén.
- **Esixibles:** tanto as persoas como as institucións teñen a obriga de respectalos.


Teñen que consagrar a dignidade humana, configurar un modelo de convivencia e un ideal de xustiza. Isto significa que a persoa non ten prezo, que é un fin en si mesma e que non pode ser utilizada como medio para acadar outros fins.

A historia dos dereitos humanos remóntase á Revolución Francesa (1789) cando proclamaron a *Declaración dos Dereitos do Home*, o primeiro código de liberdades e dereitos para o pobo francés, inspirándose na filosofía da Ilustración, no parlamentarismo británico e na Declaración de Independencia dos Estados Unidos.



### Vídeo performance: *Manos*

Performance de creación realizado por alumnos do IES Alexandre Bóveda de Vigo.



- Comenta que che suxire.



### Vídeo: *Una clase dividida.* *El ojo de la tormenta*

<http://www.youtube.com/watch?v=yaimGghfcpM>

<http://www.youtube.com/watch?v=LXwCKwrXmoY>

<http://www.youtube.com/watch?v=u8s1K-hKucM>



#### CONCEPTOS PREVIOS (ANTES DE VER A PELÍCULA)

- Discriminación, empatía, tolerancia, igualdade, diferenza.

#### CUESTIÓN (DESPOIS DE VER A PELÍCULA)

1. Valora a intención da experimentadora no seu intento de pasar do falar ao actuar.
2. Que sinto cando me discriminan? Tes vivido algunha vez unha situación de discriminación?
3. Cres que hai xente diferente? Quen? Por que?
4. Que poder ten o pano negro?
5. Como xulgamos á xente polo interior ou polo exterior?
6. Relación da discriminación co rendemento escolar.
7. O pequeno grupo experimental actúa de xeito similar aos grupos sociais reais?

#### TEXTO LIBRE

- Relaciona o experimento co concepto de **autoestima**.

A violencia sobre unha persoa ou grupo adoita ser consecuencia de **problemas éticos e políticos** que a sociedade non foi quen de resolver ata o momento. O peso destas deficiencias sociais recae sobre os grupos humanos menos protexidos polo sistema. Esta violencia déixase sentir nos comportamentos **sexistas, racistas, de desigualdade económica, de agresión ao medio...** Esta forma "invisible" de violencia é a **violencia estrutural**.

A necesidade que temos as persoas de resolver estes problemas fai que teñamos que recorrer aos **dereitos humanos** que nos achegan outras formas alternativas de organización, como son o **pacifismo**, o **feminismo** e o **ecoloxismo**.



### Curta: *Inmigrantes como moscas, Fernando López Castillo y Nieves Prieto.*

Premio ao mellor corto no Festival de Cine Político de Ronda de 2011.

Cada ano unos 400.000 emigrantes centroamericanos intentan chegar a Estados Unidos, cruzando México. Viaxan como moscas, sobre trens de carga. En Veracruz "Las patronas", unhas mulleres valientes, agardan ao pe das vías para entregarlles comida e bebida, co tren en marcha...

<http://www.youtube.com/watch?v=BYRzOBceU9k>

## Os movementos sociais e as ONGs loitan polos Dereitos Humanos e suxiren propostas de acción.

- Infórmate do labor que desenvolven as organizacións: *Amnistía Internacional, Marcha Mundial das Mulleres e Greenpeace.*



### As ONG

Son organizacións non gobernamentais que xogan un papel importante na protección e na promoción dos dereitos humanos.

Cada día son máis as persoas que colaboran con organizacións humanitarias. Calcúlase que en España son máis de medio millón as persoas voluntarias, con distintos niveis de implicación. Atenden a persoas anciáns e discapacitadas, a prostitutas e a drogodependentes con programas de prevención da SIDA, dan clases a inmigrantes, traballan en proxectos de cooperación para o desenvolvemento de países pobres, organizan campañas de planeamento familiar, coidan o medio ambiente.. en definitiva, defenden os dereitos civís, políticos, económicos e sociais.

Estas organizacións loitan de maneira directa pola implantación dunha orde social máis pacífica e xusta. En moitos casos as organizacións fan coincidir intereses pacifistas, feministas e ecoloxistas. Fan da solidariedade un estilo de vida.

Se queres ampliar información sobre **Cooperación Galega e Educación para o Desenvolvemento**, visita estas webs:

[www.enredate.org](http://www.enredate.org) – Web do programa Enredate con UNICEF.

[www.unicef.es](http://www.unicef.es) – Web do UNICEF-Comité Español.

[www.galiciasolidaria.org](http://www.galiciasolidaria.org) – Coordinadora galega de ONGs para o desenvolvemento.

[www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org) – Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Xunta de Galicia.



## CUESTIÓNS

- Investiga quen é e que pretende a organización “**Asociación Pro Derechos Humanos de España**”. <http://www.apdhe.org/>
- Procura información sobre o imposto para erradicar a pobreza coñecido como **taxa Tobin**.
- Identifica os oito obxectivos no documento da ONU sobre os **Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio**.
- Coñeces algún **poema** ou **canción** sobre a construción dun mundo mellor?

### Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio

Foron asinados por 189 países no ano 2000. O primeiro dos obxectivos é erradicar a pobreza extrema e a fame. Tamén entre eles están acadar a ensinanza primaria universal e promover a igualdade entre os sexos e a autonomía das mulleres. Podes informarte en:

[www.pobrezacero.org](http://www.pobrezacero.org)

**Human Rights Watch (HRW)** dedícase á elaboración de informes sobre os posibles abusos nos dereitos humanos, facer presión para que os gobernos rectifiquen esas situacións.



Juan Muñoz

## ACTIVIDADE

- Recolle a voz dos “sen voz” que pode aparecer nas pintadas ou graffitis, nas distintas paredes dos WC, ascensores, etc. clasifícaos en actos de covardía, mal gusto, protesta social, inspiración poética, frustración, desexos, vinganzas.




**LECTURA:**

*La vuelta al mundo de un forro polar rojo*,  
de Korn Wofang. Siruela, 2010.

Lectura para entender a complexidade da globalización.

<http://www.culturamas.es/blog/2010/04/05/la-vuelta-al-mundo-de-un-forro-polar-rojo/>



**Vídeo: Humana**

<http://kuriioso.es/2010/09/07/los-trapos-sucios-de-humana/>

**TAREA**

- Busca en internet conexións que amplien os problemas que se denuncian no libro.
- Aporta fotos ou imaxes como as da dereita que aclaren a denuncia que fai o libro.



Para  
saber  
algo  
máis...

Para saber algo máis...



Juan Muñoz



## Vídeo: *Dereitos Humanos* Amnistía Internacional

<http://www.youtube.com/watch?v=v22hybkP7zQ> [1]

<http://www.youtube.com/watch?v=zGhQEC6i0qM> [2]



Este documental está composto por 30 pequenos clips de animación, en cada un se desenvolve unha proposta estética para cada dereito.

- Despois de ver o vídeo e comentalo na aula repártense os dereitos entre cada persoa da aula.
- A proposta é que cada quen busque en revistas ou en internet unha foto ou imaxe que exprese simbolicamente o que entende por ese dereito que escolle.
- As fotos irán acompañadas do texto no que se explica por que elixiron esa foto. Despois describirán o que ven nela e quen son os seus protagonistas. Tamén indicaran o que poden sentir as persoas retratadas e o que lle suxire.
- Despois, en gran grupo, ensinarán a montaxe da mesma e explicarán o contido da mesma aclarando o sentido da súa elección.
- Todas as achegas serán pegadas nun panel ou mural que quedará exposto na aula.



## Vídeo documental: *La 2 noticias* de RTVE (9-11-09)

<http://www.rtve.es/mediateca/videos/20091110/noticias/625103.shtml?s1=noticias&s2=la-2-noticias&s3=&s4=#>



O día 9 de novembro de 2009 celebramos 20 anos da caída do Muro de Berlín. Propoñémoste as seguintes reflexións:

- Porque había un muro na cidade de Berlín? Que obxectivo tiña?
- Que supuxo a caída dese muro para Alemaña e para Europa?
- Que relación ten cos Dereitos Humanos?
- O muro de Berlín era un muro físico que agachaba situacións intolerables e problemas éticos e políticos moi graves. Tamén existen outros “muros invisibles” pero que están aí. Na reportaxe podes atopar moitos deses muros, dos visibles e dos invisibles. Recolle a información que se achega no documental, analiza os muros visibles e os invisibles, e fai unha reflexión persoal.



## Vídeo documental: *Binta e a grande idea*

Proposta didáctica de UNICEF [galicia@unicef.es](mailto:g Galicia@unicef.es)

<http://www.youtube.com/watch?v=dGRVScIITo> [1]

<http://www.youtube.com/watch?v=bAqtiEwhcVo> [2]

<http://www.youtube.com/watch?v=f08hgSUx6Q0> [3]



### 1. ANTES DE VER O DOCUMENTAL

- Sabes que é a UNICEF e a que se dedica?
- Que sabemos de África? E do Senegal? Situar o país nun mapa. Como imaxinamos a vida neste país?
- Por que cres ti que é pobre o continente africano. Que responsabilidade tivo Europa? Escoitaches falar do colonialismo?
- Que películas coñeces que falen da situación que padece África?
- Como imaxinamos as escolas? E os pobos e as familias?
- Como sería eu e que me pasaría de non ter ido á escola?
- Por que hai persoas africanas que queren viaxar a España? Sabes como venen? Sabes como viven ao chegar a España?



## 2. UNHA VEZ VISTO O DOCUMENTAL

- Que aspectos atopas nesta visión de África e do Senegal que mostran unha forma de vida moi positiva para os seres humanos e para o medio ambiente?
- Identificar as ideas máis importantes que se transmiten a través da película.
- Sabes quen son os *tubab*?
- Que conflitos viven os e as distintas protagonistas da historia? Que opinión temos das solucións que achega o documental?
- Por que cres que a nenas como Soda non as deixan ir a escola?
- Que lle pasa a Fatu a nai de Soda, que problema ten? Que relación atopas entre escolarización e calidade de vida?
- Que entendemos nos por progreso? E o pai de Binta?
- Cales son os coñecementos necesarios para ser feliz na súa humilde comunidade?
- Como propón o pai de Binta que poderemos contribuír ao progreso da humanidade?



## 3. CARTA DO PAI DE BINTA: A GRANDE IDEA

### Ler na aula despois de ver o documental

“Souben grazas ao meu amigo Souleymman dos asombrosos acontecementos que suceden no mundo dos *tubab*. Refirome, por exemplo, aos grandes enxeños que lles permiten extraer o máximo do que a terra nos ofrece. Polo visto os *tubab*, grazas á increíble cantidade de peixes que son capaces de coller, obteñen tantos beneficios que xa non necesitan preocuparse os uns dos outros.

Por iso, e comprendendo que se seguimos o camiño que o primeiro mundo nos marca, corremos o risco de que os fillos dos nosos fillos queden sen peixes, sen árbores, sen aire, que o afán de acumular bens nos leve a perder o sentimento de solidariedade e que o medo a perder as riquezas acumuladas nos leve a destruírnos entre nós. Por todo isto véxome na obrigaón de aportar o meu pequeno gran de area e facer algo por evitar o desastre. É por esta razón que solicito iniciar os trámites de adopción dun neno *tubab*, xa destetado a ser posible, para que poida aquí desenvolverse como persoa e adquirir os coñecementos necesarios para ser feliz na nosa humilde comunidade. Así este neno, cando sexa home, poderá contribuír ao progreso da humanidade, que tanto nos preocupa a todos nós”.

- Pídeselle aos participantes que reflexionen sobre se a idea de adoptar a un neno *tubab* lles parece ou non unha “grande idea”.
- Por que cres que se lle ocorreu esta idea ao pai de Binta? Que cousas boas podería aprender un neno *tubab* no lugar onde se desenvolve a historia?
- Por que din ao final que debemos aprender do comportamento dos paxaros?
- Os paxaros collen o mellor do norte e o mellor do sur; como podemos facer iso nós? Que papel desempeña a educación nas nosas posibilidades de elixir?

## Propostas éticas: a Xustiza, a Equidade e a Solidariedade

- **Xustiza** é a virtude de buscar o equilibrio e a harmonía entre as persoas e os grupos sociais. Pode ser o conxunto de leis que regulan as relacións entre persoas e grupos e, en consecuencia, a capacidade legal de esixir ou reclamar algo. Tamén pode ter un carácter reivindicativo e tender á igualdade de oportunidades.

Este concepto foi evolucionando, e dende o século XIX ata hoxe, vai dirixido cara á **xustiza social e os dereitos humanos** onde se contempla o respecto á **dignidade** humana, a distribución máis equitativa dos bens económicos culturais e xurídicos, a promoción dun programa de igualdade de oportunidades e o establecemento da seguridade social.

Ante a desigualdade só cabe un comportamento ético: o intento de mellorar as condicións de vida daqueles que sofren esta situación. A **igualdade humana** non é un don da natureza, senón unha conquista da sociedade, que debe procurar buscar o xeito de que esta igualdade sexa un feito.

Existen dúas maneiras de afrontar a solución das desigualdades: o modelo da equidade e o da solidariedade.

- **Equidade:** consiste en superar o modelo ético baseado na igualdade e convencer nos de que é inxusto tratar como iguais aos

desiguais, pois a realidade está sempre inzada de persoas, grupos e sistemas que posúen características diversas e diferéncianse substancialmente uns doutros. Un tratamento igualitario sería pernicioso, pois é imposible que medidas iguais poidan resultar axeitadas para individuos ou contextos marcadamente desiguais. A equidade é un principio baseado na responsabilidade moral de axudar a outros a crecer conforme ás súas propias capacidades e condicionamentos de xeito diferenciado.

- **Solidariedade:** a solidariedade intensa e profunda supón un abano de solucións para os problemas humanos e ambientais, atendendo máis ás necesidades da humanidade no seu conxunto que ás prioridades dalgúns grupos sobre outros.

É necesario que os esforzos se unan en políticas globais de redistribución de recursos, de intercambio e transferencia de tecnoloxías e apoio para os máis febles. Esta solidariedade intergrupala ten en consideración os intereses da colectividade mundial.

Pero tamén temos o compromiso ético coas xeracións futuras, onde a solidariedade se complementa tomando conciencia de que facemos usufruto dos recursos e que estes teñen que ser conservados nas mellores condicións posibles para os que aínda non naceron.

### CUESTIÓNS PARA ANTES DO VISIONADO

- Que dirías que aporta un programa como Operación Triunfo no sentido musical? Por que dirías que tivo tanto éxito no seu momento?
- Sabes algo da historia de Afganistán?
- A que pensas que é debida a existencia e o poder de xente coma os talibán?
- Como imaxinas que é a vida cotiá en Afganistán comparada coa nosa?



### Vídeo documental: *Afghan Star* Operación Triunfo en Afganistán

<http://www.youtube.com/watch?v=DentE2ydnMI>



### PARA DESPOIS DO VISIONADO

- Sabes como se chama o manto que cubre as mulleres afganas?
- E, o que levan pintado na palma da man e nas uñas?
- Sabes que son os pastum? e os talibán?
- Por que o concurso é o primeiro contacto coa democracia para a xuventude afgana?
- Similitudes e diferenzas que atopas entre o público afgano e español ante o programa concurso de televisión.
- Por que cres que non as deixan bailar nin mostrar o cabelo?
- Que pasou en Afganistán despois de 1980?



## Os Dereitos humanos na arte



### POWER POINT:

*Acceptas este contrato social?*


*Reflexión sobre os efectos opresores e empobrecedores que ten o SISTEMA.*



### Cómic

#### **Jessica Abel: La Perdida.**

Editorial Astiberri.  
Sobre inmigración.



### Música

#### **Cancións para un mundo mellor e cancións para cambiar o mundo**


<http://potq.cl/2009/10/20/canciones-para-cambiar-el-mundo/>  
<http://billboard.blogs.com/batido/2008/07/20-canciones-pa.html>



### Cine

#### **Invisibles.**

Producida por Javier Bardem e  
Médicos sen Fronteiras



## Os Dereitos humanos na política internacional



**Aung San Suu Kyi** (en birmano အောင်ဆန်းစုကြည် ) é a figura emblemática da oposición birmana contra a ditadura militar que ocupa o poder desde 1962. Recibiu sucesivamente o Premio

Thorolf Rafto de defensa dos dereitos humanos e o Premio Sájarov da liberdade de pensamento. Recoñecida como prisioneira de conciencia por Amnistía Internacional, en 1991 recibiu o Premio Nobel da Paz polo que deu a coñecer o seu combate ao mundo enteiro.

Podes seguir indagando sobre o seu labor.

**Aminatu Haidar** é a máis célebre activista en aras de que a República Árabe Saharaui Democrática sexa unha realidade como Estado do territorio denominado Sahara Occidental. Este territorio, ex colonia española, interrompeu o seu proceso de descolonización en 1976 tras abandonalo España pese a que estaba comprometido coa ONU para levar a cabo dita descolonización. Na actualidade, Sáhara Occidental está gobernado de facto por Marrocos, e por iso Haidar posúe a cidadanía marroquí. Debido a súa ideoloxía pro *saharauí*, foi perseguida e reprimida polos poderes públicos marroquís en numerosas ocasións. Foi a protagonista dun duro proceso no que se viu involucrado o goberno español.



 **Entrevista a Tomás Bárbulo en A Vivir: El origen del conflicto saharauí (09/01/2011)**  
[http://www.cadenaser.com/cadenaser/podcast/audios/cadenaser\\_avivir\\_20110109cscsr\\_4\\_Aes.mp3](http://www.cadenaser.com/cadenaser/podcast/audios/cadenaser_avivir_20110109cscsr_4_Aes.mp3)

Indaga o estado no que se atopa o problema.

# Outras propostas de actividades




# 1 Multiculturalismo



## Vídeo: *El Viaje de Said*

Goya 2007 Mellor Curtametraxe de Animación

[http://www.youtube.com/watch?v=mF\\_ZSCxIAIU](http://www.youtube.com/watch?v=mF_ZSCxIAIU)



### Obxectivos

- Poñer en valor as outras *culturas*.
- Potenciar a empatía.
- Mostrar como a desigualdade se fai patente nas nosas sociedades en forma de escaseza de recursos, enfermidade, fracaso escolar, etc.
- Apreciar o diferente desenvolvemento entre os países do hemisferio norte e os do hemisferio sur.
- Achegar ao alumnado o concepto de *multiculturalismo e interculturalismo*.
- Facer ver como a convivencia entre distintas culturas esixe que se articulen mecanismos para conseguir unha convivencia pacífica.
- Promover unha cidadanía respectuosa coa diversidade cultural.
- Pensar na diferenza entre ser **estranxeiro** e ser **inmigrante**.
- Sensibilizar ao alumnado sobre *a importancia do* respecto ás formas de vida de cada cultura.

- Desenvolver actitudes e valores que lles proporcionen fundamentos para converterse en cidadáns conscientes responsables, libres, cooperativos e tolerantes

### Desenvolvemento

1. O tema do **multiculturalismo** podería abordarse, cada curso escolar, en todos os niveis educativos, abrangendo a moitos departamentos. Aínda que deberíamos matizar que cómpre facer un traballo previo de aula que na maioría dos centros acostuma a ser no espazo da titoría.
2. O traballo na aula, tanto na titoría como en calquera outra materia, podería comezar coa visualización da curtametraxe de animación ***El Viaje de Said*** seguida dunha reflexión entorno á temática exposta.
3. Para seguir afondando neste tema suxerimos debater sobre a situación que padecen as persoas inmigrantes nas nosas cidades.

4. Achegar esta información para poder traballar sobre ela:

### Interculturalismo

A convivencia entre distintas culturas esixe que se articulen mecanismos para conseguir unha convivencia pacífica. Esta convivencia só será posible desde o respecto ás formas de vida de cada cultura, pero tamén e ante todo, á dignidade dos seres humanos.

O pluralismo cultural é desexable e enriquecedor para as sociedades. Nesta situación as diversas culturas deben aprender a vivir xuntas tomando como referencia un marco común de dereitos e deberes e respectando a diversidade cultural.

### Multiculturalismo

Supón o recoñecemento da existencia de sociedades multiculturais, o respecto a todas as identidades culturais e a necesidade de que estas sociedades compartan os espazos públicos. Precisa tamén unha organización que garanta a igualdade de oportunidades e a participación na vida pública de todos os grupos sociais.

5. Para desenvolver a **empatía** propoñemos esta actividade:

### Análise dun caso

Un grupo de alumnos e alumnas de orixe africano chega ao noso instituto. Os seus costumes, forma de vestir, trato co profesorado, forma de actuar na clase, lingua.... son diferentes aos nosos. Que debemos facer?

Opcións:

- a. Non facer nada: "non son racista, pero non me preocupan eses problemas"

- b. Facer un grupo e poñelo nunha aula separada onde poidan seguir cos seus costumes e non teñan tantas dificultades de adaptación con profesorado que fale a súa lingua. Non obrigar a este grupo a participar nos actos lúdicos e sociais da maioría.
- c. Tentar a súa integración nas actividades da maioría, ensinándolles novas formas de comportamento para que sexa aceptado no conxunto da sociedade.
- d. Asumir as diferencias e deixar que segan cos seus costumes, sempre e cando non impidan as actividades da maioría. Nese caso a autoridade deberá limitar eses costumes.
- e. Organizar unhas xornadas para tentar entender a cultura de orixe do novo alumnado, incorporar algúns dos seus costumes á vida social do centro, mercar libros na súa lingua de orixe...

Organizade un debate na aula, no que cada quén expoña as razóns que sustentan a súa opinión.

6. Suxerimos o traballo con este **texto**:

**"-Pero entón, cal é a diferenza entre ser **estranxeiro** e ser **inmigrante**?"**

-Non é algo sinxelo, en efecto. O estranxeiro é unha persoa que non posúe a nacionalidade do país en que se atopa. O máis frecuente é que non permaneza moito tempo nese país. Só está de paso, e pensa regresar ao seu país. Europa non é unha fortaleza prohibida para a circulación do mundo enteiro. Por outra parte, iso sería contrario á lei internacional, que considera a liberdade de circulación como un dos dereitos humanos. Se o estranxeiro decide quedarse nun



país europeo, convertese en inmigrante. Agora ben, non pode tomar esa decisión por si só. A lei do país de acollida establece as condicións de instalación. E esas condicións obedecen a varias regras: por exemplo, poder traballar ou non poder traballar. Antes de 1947, en Europa un estranxeiro podía facilmente convertese en inmigrante se atopaba traballo. Desde 1947, a causa do paro, aos estranxeiros lles resulta moi difícil obter un permiso de traballo. Só un pequeno número de traballadores, procedentes de África, o Magreb, Asia, América ou Europa do Este seguen entrando legalmente cada ano para traballar en sectores onde se lles precisa (hostalería, restauración, construción, servizos sociais, comercio, informática, ensino polo que respecta aos traballadores permanentes, agricultura no tocante aos traballadores xornaleiros.”


Sami Nair. *La inmigración explicada a mi hija*. Plaza & Janés. p.12-13.

Responder as cuestións:

- En que sectores traballan os e as inmigrantes na túa cidade?
- Existen grupos étnicos agrupados (por exemplo musulmáns ou magrebís que teñen igrexas, reunións, viven nos mesmos barrios)?
- As persoas que fan traballos temporais, ¿a que se dedican? ¿Que repercusións ten a súa actividade laboral no entorno social (por exemplo os bazares chineses)?

### 🎵 Música Rap: Dios ke te crew Estranxeiros

<http://www.youtube.com/watch?v=3s0ZHyVj0qw>



7. Valorar a posibilidade de invitar a un ou unha inmigrante ou algunha persoa experta neste tema a unha charla no centro aberta á toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias...

### Temporalización

6 horas

### Modalidade

Individual

Grupal

## Área implicada

Titoría

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía e ciencias sociais: o multiculturalismo e o interculturalismo, os Dereitos Humanos, as ONG, etc.

Economía: *O traballo das persoas inmigrantes.*

Tecnoloxía, informática e debuxo: *Obradoiro sobre cine de animación.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

## 2 Racismo e inmigración



Vídeo: fragmento da película *Crash*



### Obxectivos

- A chegar ao alumnado o concepto de *racismo*.
- Sensibilizar ao alumnado nos comportamentos que producen tensións e conflitos por *prexuízos racistas*.
- Potenciar a reflexión sobre o racismo e o poder.
- Resaltar que en todas as sociedades, as minorías étnicas sofren a discriminación económica, institucional e cultural.
- Identificar as ideas máis importantes que se transmiten a través da película.
- Desenvolver actitudes e valores que lles proporcionen fundamentos para converterse en cidadáns e cidadás conscientes dos seus dereitos e dos dereitos dos demais.

### Desenvolvemento

1. O tema do *racismo* podería abordarse en todos os niveis educativos, abrangendo a moitos departamentos. Aínda que deberíamos matizar

que cómpre facer un traballo previo de aula que na maioría dos centros acostuma a ser no espazo da titoría.

2. Despois de ver a escena da película "*Crash*" responder a esta cuestións
  - Porque cres que o policía actúa do xeito que o fai?
  - Consideras que se trata dunha actitude racista?
  - Cambiaría o seu xeito de actuar se coñecese a situación social das persoas de cor as que arresta?
  - Por qué o seu compañeiro non fai algo para evitalo?

Segundo documento de análise:



**POWER POINT:**

*Un viaxe a ninguna parte*



Terceiro documento de análise:



**POWER POINT:**

*Papeles mojaos. Chambao*

Video clip <http://www.youtube.com/watch?v=T4mFu0caMhQ>





3. Para seguir afondando neste tema suxerimos ver os Power Point “*Viaxe a ningunha parte*” e “*Papeles mojaos*” coa letra e música de *Chambao*. Debater sobre a situación de discriminación que se presenta e a relación que pode ter co poder económico.
4. O alumnado pode facer un texto libre comentando como en todas as sociedades, as minorías étnicas sofren a discriminación económica, institucional e cultural.
5. Comenta a frase do boneco de Amnistía Internacional: “Ningún ser humano é ilegal.”

### Temporalización

2 horas

### Modalidade

Individual

Grupal

### Área implicada

Titoría

### Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), filosofía e ciencias sociais: O racismo, o compromiso, a cidade multicultural.

Lingua castelá: valor literario das citas na presentación.

Economía: *O traballo dos inmigrantes*.

Música: “*Papeis mojaos*” coa letra e música de *Chambao*.

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

### Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



# 3 A Historia e os dereitos humanos das mulleres



## Vídeo: *Iron Jawed Angles* "Anxos con mandíbulas de ferro"

(Votes for women) de Katja von Garnier



### Obxectivos

- Coñecer certos aspectos da historia dos dereitos humanos das mulleres.
- Entender a importancia do dereito ao voto.
- Entender o custo persoal que conleva a participación activa nos movementos políticos liberadores.
- Expressar oralmente e por escrito opinións ben argumentadas sobre feminismo e dereitos humanos.

### Desenvolvemento

1. Para achegármonos aos distintos fitos que marcan o camiño da igualdade entre mulleres e homes intenta indagar en internet algo sobre: Hipatia de Alexandría S.IV; Christine de Pizán (A cidade das damas) S. XV; Olympe de Gouges (Declaración dos dereitos da muller e da cidadá) S. XVIII; Declaración de sentimentos de Séneca Falls, New York S. XIX; O sufraxio feminino en España, S. XX.

2. Ver a película *Iron Jawed Angles*, "Anxos con mandíbulas de ferro" (Votes for women) de Katja von Garnier, 124 min., un drama que reconstrúe feitos reais, acontecidos en Estados Unidos nos anos da Primeira Guerra Mundial, durante a presidencia de Woodrow Wilson. Segue os pasos de Alice Paul e Lucy Burns, dúas pioneiras do movemento a favor do sufraxio feminino en Estados Unidos. A situación coa que parte a historia é que varios estados concederon o voto ás mulleres, pero este dista de ser un dereito constitucional estendido a toda a nación. A principal asociación de mulleres sufraxistas é partidaria dunha loita tenaz e paciente, sen extremismos, polo que Alice Paul e Lucy Burns, máis expeditivas, crean un partido das mulleres, que negará o seu apoio a calquera político que non apoie claramente o voto feminino e organizan un piquete que está permanentemente fronte á Casa Branca día e noite, chova, neve ou faga calor. As cousas quéntanse coa entrada de EE.UU. na guerra, a detención de mulleres e un movemento de folga de fame. A película ten un poder motivador que sitúa ao alumnado na historia do proceso que tiveron que pasar as mulleres americanas para acadar o dereito ao voto.
3. Presentar a importancia e invisibilidade da historia dos dereitos humanos das mulleres coa lectura destes textos

Para comprender mellor a loita das mulleres polo seu recoñecemento temos que recordar que a Declaración dos Dereitos Humanos proclamada en 1948, usou a palabra "home" para referirse ao conxunto da humanidade e non foi ata a Conferencia Mundial de Dereitos Humanos, celebrada en Viena en 1993, que se declarou e recoñeceu que "os dereitos humanos da muller e da nena son parte inalienable, integrante e indivisible dos dereitos humanos universais".

A resistencia de numerosos países a recoñecer os dereitos políticos das mulleres só pode entenderse desde a mentalidade e as pautas culturais vixentes: un sistema patriarcal, baseado na dominación masculina da esfera pública e que interpretaba con receo a incursión da muller nela. Por outra banda, percibíase como incompatible a presenza da muller na vida pública co seu papel tradicional de nai e de esposa.

Que sería da aplicación dos Dereitos Humanos a todos os seres humanos, sen a influencia e a loita dos movementos feministas? Gran parte das modificacións sobrevidas nos costumes sociais e a evolución política das sociedades non terían lugar sen o despregue de esforzos, reflexión e reivindicación das mulleres ao longo da historia.

<http://www.aulainterultural.org/guiaddh/mujeres/cap2/sufragio.htm>

### Os dereitos humanos como proposta universal

Como xa temos visto os dereitos humanos convertéronse nunha proposta ética con carácter universal, sen discriminación de raza, sexo, relixión, nacionalidade ou idade.

As mulleres constitúen, cando menos, a metade dos seres humanos, como os homes son vítimas de represión, tortura, fame... Pero hai algunhas formas de discriminación e violencia que só sofren as mulleres: a violación sexual, a discriminación laboral, a eliminación da súa identidade ao tomar o apelido da súa parella... E sen embargo historicamente os dereitos humanos tomaron como referencia aos homes e non ás mulleres. O sexo feminino considerouse ao longo da historia de Occidente como formando parte integrante do sexo masculino, sen recoñecer uns dereitos específicos para a súa situación específica.

O feito é que na maioría das lexislación dos Estados que subscriben a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na actuación dos diver-

sos grupos que traballan a favor dos dereitos humanos, as cuestións referidas especificamente ás mulleres reciben un tratamento secundario.

4. Pasar a ficha cos países e as datas de consecución do voto feminino:

País	Voto feminino	País	Voto feminino
Nova Zelandia	1893	Suecia	1919
Australia	1901	Estados Unidos	1920
Finlandia	1906	Irlanda	1922
Noruega	1913	Austria	1923
Dinamarca	1915	Checoslovaquia	1923
Islandia	1915	Polonia	1923
Holanda	1917	España	1931
Rusia	1917	Francia	1945
Reino Unido	1918 (+30 años)	Italia	1945
Alemaña	1918	Suíza	1971

5. Nun mapa do mundo sinala con diferentes cores os países que aprobaron o voto feminino antes da Primeira Guerra Mundial, durante a Primeira Guerra Mundial ou despois dela. Explica que importancia cres que puido ter esta Guerra na evolución social da muller
6. O dereito feminino ao voto foi acadado por primeira vez en Nova Zelandia no século XIX e ao longo do XX en moitos outros países. Mentres nos países árabes aínda é un proceso sen rematar (en Arabia Saudí e Brunei as mulleres seguen sen votar no 2007). A loita polo sufraxio feminino marcou o inicio da loita feminista polos dereitos das mulleres. Nunha época na que as condicións laborais eran moi precarias, cunha masiva

presenza de mulleres e crianzas nas fábricas, as reivindicacións laborais das mulleres proletarias adquiren notoriedade, ata que en 1910 durante a reunión de Copenhague da Internacional Socialista, se proclama o Día da Muller para axudar a conseguir o sufraxio feminino universal. Ao ano seguinte, o 19 de marzo celebrouse o primeiro Día da Muller Traballadora, que posteriormente quedou fixado no 8 de marzo.

7. Despois da Segunda Guerra Mundial e co inicio da actividade en 1952, aprobouse a **Convención sobre os dereitos políticos da muller:**

*Artigo I. As mulleres terán dereito a votar en todas as eleccións en igualdade de condicións cos homes, sen discriminación ningunha.*

*Artigo II. As mulleres serán elixibles para todos os organismos públicos electivos establecidos pola lexislación nacional, en condicións de igualdade cos homes, sen discriminación ningunha.*

*Artigo III. As mulleres terán dereito a ocupar cargos públicos e a exercer todas as funcións públicas establecidas pola lexislación nacional, en igualdade de condicións cos homes, sen discriminación ningunha.*

8. Posteriormente, as Nacións Unidas foron aprobando outros documentos relativos aos dereitos das mulleres:
- A Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller (1967)
  - A Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1979)
  - A Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller (1993)

Pero, aínda que as declaracións e as convencións non garanten o respecto real dos dereitos e as liberdades que proclaman, é certo que nos dan dun marco teórico internacional que marca cal debe ser o camiño

que ten que seguir a sociedade no seu desenvolvemento: conseguir un mundo no que as mulleres non sexan discriminadas nin agredidas.

Para máis información: [www.aulainter-cultural.org/guiaddhmmujeres/cap2/sufragio.htm](http://www.aulainter-cultural.org/guiaddhmmujeres/cap2/sufragio.htm)



### Conferencia: Isabel Allende falando dos dereitos humanos no mundo.

Relacionar coa importancia do papel das mulleres no mundo árabe.

[http://www.ted.com/index.php/talks/lang/spa/isabel\\_allende\\_tells\\_tales\\_of\\_passion.html](http://www.ted.com/index.php/talks/lang/spa/isabel_allende_tells_tales_of_passion.html)

#### Texto: “Os Dereitos Humanos, un dereito da muller”. Informe 95. Amnistía Internacional. Páx. 13-14.

“En 1994, as mulleres padeceron todos os abusos e violacións posibles dos dereitos humanos fundamentais. Torturadores, executores, carcereiros e homicidas non discriminaron por razón de sexo, como non fora para someter ás mulleres a abusos aos que son especialmente vulnerables.

O seu sufrimento continúa, a pesar da histórica declaración realizada pola comunidade internacional o ano precedente. Na Declaración da Conferencia Mundial de Dereitos Humanos de 1993, os gobernos recoñeceron que os dereitos humanos son dereitos da muller. Prometeron garantir ás mulleres os seus dereitos sociais e económicos: o seu dereito á

paz, ao desenvolvemento e a igualdade, e prometeron defender os dereitos civís e políticos da muller: o seu dereito a que non a maten, nin a torturen, a que non abusen sexualmente dela, a que non a encarceren arbitrariamente nin a fagan “desaparecer”. En ambas promesas houbo un abismo entre as palabras e os feitos.(...)

Estes conflitos indican que a violación deliberada dos dereitos humanos da muller convértese cada vez máis nunha compoñente central da estratexia militar. A violación non é un accidente de guerra nin un aspecto incidental dos conflitos armados. O seu uso xeneralizado en tempos de guerra explica o horror especial que esta comporta para as mulleres, o desprezo especial que amosa cara ás súas vítimas. Por outra parte, reproduce as desigualdades e a discriminación que as mulleres afrontan na súa vida cotiá en tempo de paz.”

## Temporalización

4 horas

## Modalidade

Individual e Grupal

## Área implicada

Historia: *A historia dos EE UU e o movemento sufraxista. A historia da igualdade entre homes e mulleres*

## Áreas que poderían estar implicadas e de que forma

Titoría: *A loita pola igualdade.*

Filosofía, ética e filosofía do dereito: *Análise en clave sociolóxica do poder e a discriminación.*

Ámbito sociolingüístico (nos programas de diversificación curricular), antropoxía e ciencias sociais: *A discriminación por sexo e a súas consecuencias na vida cotiá de homes e mulleres.*

E calquera outra área, materia ou módulo dos distintos niveis educativos: ESO, bacharelato e ciclos formativos de FP, que considere estes materiais axeitados aos seus obxectivos.

## Competencias básicas

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.



## Para rematar



**Vídeo: *11 September, Chile vs. USA*  
Ken Loach**

<http://www.youtube.com/watch?v=m0QIHyyRBQ>

